30 OBXECTOS DO MUSEO DAS MARIÑAS

escrito por ÁNGEL ARCAY ilustrado por IRIA FAFIÁN

30 OBXECTOS DO MUSEO DAS MARIÑAS

escrito por ÁNGEL ARCAY ilustrado por IRIA FAFIÁN

Copyright do texto: Ángel Arcay Barral
Copyright das imaxes: Iria Fafián Alonso
Revisión lingüística: Natalia Sánchez Fernández

Este proxecto foi subvencionado por unha das axudas da Xunta de Galicia
aos centros museísticos da comunidade.

Concello de Betanzos
XUNTA DE GALICIA



O MUSEO DAS MARIÑAS EN 30 PEZAS

O MUSEO DAS MARIÑAS: COÑECER, VALORAR E RESPECTAR

En febreiro de 1983 abriu as súas portas o Museo das Mariñas, un centro museístico enclavado na vila de Betanzos, pero que nacía co vontade de acubillar todo o legado patrimonial da comarca das Mariñas. Catro décadas despois, o museo segue vivo e continúa medrando.

Conta con case 5.000 pezas dentro da súa colección; procedentes, na súa maior parte, de depósitos e doazóns da veciñanza da cidade, que confiou en nós para compartir con todas as persoas que visitan este museo un pedaciño da nosa historia. De entre todas as pezas coas que contamos, tanto na exposición permanente como nos almacéns do museo, quixemos escoller as 30 máis representativas para realizarmos esta guía, que está ilustrada pola artista local Iria Fafián. Esta mostra, na que tratamos de incluír pezas de diversas temáticas, busca compartir con todos e todas vós unha pequena parte do noso fondo.

Aproveitamos para tal fin non só cuestións do noso traballo diario; senón moitas das informacións e investigacións que durante anos veciños e veciñas foron partillando connosco a través do Anuario Brigantino e doutras revistas e medios de comunicación. Este conxunto de historias, lendas e curiosidades farán, sen dúbida, ampliar a vosa curiosidade polos fondos do museo. De feito, iso é precisamente o que agardamos, xa que temos a convicción de que a curiosidade levará parella unha gran dose de coñecemento... E as persoas que traballamos a diario co patrimonio cultural sabemos que só o coñecemento é o que permite valorar e respectar esta parte do noso pasado.

O MUSEO DAS MARIÑAS

1983 – 2026

O 25 de febreiro de 1983 inaugurouse o Museo das Mariñas, cuxa colección se instalou no antigo convento de San Domingos. O mal estado do edificio obrigou a trasladar todas as pezas en 1985, polo que estas pasaron a expoñerse provisionalmente no Centro Primario de Hixiene, o edificio actual da Cruz Vermella. De alí regresaron a San Domingos, o 17 de maio de 1993, e xunto ao Arquivo e a Biblioteca Municipal A. Castelao de Betanzos transformaron o antigo convento nun centro cultural de referencia para coñecer o pasado da cidade.

Antes da inauguración deste Museo das Mariñas, houbo en Betanzos outras iniciativas similares. Por exemplo, en 1974, o Ministerio de Educación e Ciencia anunciou a creación do Museo del Traje Regional Gallego, que se instalaría no pazo de Bendaña. Con todo, o edificio nunca chegou a ser rehabilitado para este fin, senón que acabou por acoller as dependencias da Delegación de Facenda, que aínda se manteñen na actualidade. Posteriormente, dentro dos actos de homenaxe a Francisco Vales Villamarín celebrados en 1981, a sala de exposicións do Banco de Bilbao acolleu a mostra dunha pequena serie de obxectos estudados por este erudito brigantino, moitas das cales forman parte da colección do museo a día de hoxe.

Actualmente, a localización do museo no antigo convento de San Domingos supón tamén unha riqueza engadida para quen nos visita, mais a súa disposición a través das antigas celas e corredores conventuais limita moito o deseño dun discurso museográfico.

Desde o ano 2023 a disposición do Museo das Mariñas obedece ao seguinte percorrido:

Na planta baixa, iniciamos o noso paseo achegándonos a Betanzos por medio dunha serie de mapas, planos e fotografías que axudan a comprender a situación da cidade no tempo; tanto a súa etapa como capital de provincia no antigo Reino de Galicia, como o traslado de localización que sufriu a urbe en 1219.

Continuamos adentrándonos no mundo medieval a través de diferentes restos, procedentes na súa maior parte dos templos relixiosos que atopamos polas rúas de Betanzos. Ao remate deste corredor, unha pequena colección de aras romanas permite ilustrar como foi este período na nosa comarca.

Para rematar este primeiro andar, o último corredor da planta baixa presenta unha colección etnográfica que nos descubrirá a relación de Betanzos co sector primario. A través de produtos tan ligados á nosa historia como o pan, o viño ou o lúpulo, daremos tamén un repaso ás feiras e mercados que fixeron da cidade un punto importante no mapa socioeconómico galego.

Na planta superior comezamos o percorrido pola sala do traxe, onde se conservan vestimentas que van desde as roupas relixiosas aos traxes tradicionais. Nesta colección destaca especialmente o legado da Fundación Jiménez-Cossío.

A seguir, adentrámonos no corredor dedicado á cronoloxía da cidade. Aquí podemos observar unha liña do tempo, que recolle os fitos principais da historia local, e que presenta pezas de todo tipo enmarcadas no seu contexto: restos arqueolóxicos, esculturas, moedas, bandeiras, a maquinaria do reloxo ou ata os aparellos para pesar e medir os quintos betanceiros.

Nunha sala á parte encontramos o legado do antigo hospital de Santo Antonio, onde a Arca das Tres Chaves preside un habitáculo no que destacan, ao mesmo nivel, o apostolado procedente da escola de Rubens e o curioso eccehomo aparecido en tempos máis recentes.

Á saída desta estancia atravesaremos un dos corredores con máis colorido do museo. Trátase dun espazo dedicado á pintura e fotografía de artistas locais, que aglutina obras de tempos recentes e pezas máis antigas. Comezaremos coas obras de homes e mulleres que na actualidade manteñen viva a vida cultural brigantina cos seus talleres e creacións, para logo achegarnos aos primeiros fotógrafos que retrataron a cidade no século pasado ou a fitos tan importantes como a creación da escola de pintura de Martínez Santiso, de onde saíron algunha das mulleres artistas que agora buscamos recoñecer desde o museo.

O noso percorrido lévanos á sala de exposicións temporais, pola que pasaron nos últimos anos todo tipo de mostras. Desde artistas que na actualidade están despuntando en Betanzos, ata exposicións que aproveitan o inmenso legado que conservamos tanto no Museo das Mariñas como no Arquivo e na Biblioteca Municipal de Betanzos.

O seguinte corredor está dedicado aos irmáns García Naveira, ás súas obras e especialmente ás súas desaparecidas escolas. Do antigo museo pedagóxico que acollían as súas instalacións puidemos rescatar algunhas das pezas máis rechamantes, que agora permiten ás novas xeracións achegarse ao funcionamento das escolas de hai un século.

Pouco a pouco imos chegando ao último corredor da planta alta, no que encontraremos unha colección ligada á sociedade brigantina a través de dúas liñas: por unha parte, a das personalidades da nosa historia, con pezas que nos falan de Jesús Núñez ou Carlos López García-Picos; e por outra, a das nosas festas.

Finalmente accederemos a unha última sala na que poderemos contemplar dous gabinetes de curiosidades moi particulares. O primeiro corresponde ao legado de Rafael Seoane, un coleccionista de arte cunha curiosa biografía, xa que desapareceu misteriosamente o 10 de outubro de 2010 (10/10/10) para pasar o resto dos seus días nunha illa perdida do Pacífico. O segundo pertenceu a Francisco Javier Martínez Santiso, unha das figuras máis destacadas da cultura local entre finais do século XIX e comezos do XX.

A maiores, temos musealizado un corredor lateral do Cine Alfonsetti no que se expoñen ao público as antigas maquinarias de proxección e fotografías que formaban parte da colección do museo. Aproveitamos tamén este espazo para contextualizar a historia de Mariano Alfonsetti e dos diferentes cines que existiron en Betanzos ao longo do tempo.

Durante este paseo encontraremos todas as pezas que presentamos nesta pequena guía. É un percorrido sinxelo e ilustrado, co que agardamos espertar a vosa curiosidade para seguirdes coñecendo máis cousas do Museo das Mariñas.



· Fig. 1 Museo das Mariñas
· Fig. 2 Biblioteca Municipal A.Castelao
· Fig. 3 Arquivo Municipal
· Fig. 4 Cine Teatro Alfonsetti

1. CONVENTO DE SAN DOMINGOS

ÉPOCA Séculos XVI a XVIII

HISTORIA DA PEZA

A orde de San Domingos comezou a súa relación en Betanzos co falecemento do presbítero Antonio González de Sosa, a comezos de 1558. Este deixou no seu testamento todos os seus bens vinculares á primeira das dúas ordes relixiosas, a de San Domingos ou a de San Agostiño, que se establecese na cidade con catro confesores e un bo predicador.

Os máis rápidos foron os dominicos, que primeiramente ocuparon a Casa do Hórreo mentres comezaban a construción do convento extra muros da cidade. O mosteiro situouse nun extremo do campo da feira, en terreos pertencentes á parroquia de San Martiño de Brabío e nun lugar que xa estaba ocupado por unha antiga capela.

Trátase dun edificio de estilo renacentista, de aspecto sobrio, que consta dun só claustro. Ten engadidos posteriores coma a sancristía, pero o que destaca é a torre barroca que encargou o arcebispo Monroy ao mestre de obras Fernando de Casas e Novoa, arquitecto encargado de construír a fachada do Obradoiro da catedral de Santiago.

O edificio albergou a sede betanceira da Santa Inquisición e mantívose en uso relixioso ata a desamortización de 1835. Despois desta data pasou a mans municipais e os seus usos foron diversos.

O Concello cedeulle unha parte a Mariano Alfonsetti, quen inaugurou o 12 de novembro de 1882 o Teatro Alfonsetti, mais foi tamén escola, cuartel da Guardia Civil e sede do Liceo Recreativo.

Finalmente foi ocupado por dependencias municipais, xa que acolle na actualidade a Biblioteca, o Arquivo, a Oficina de Información Xuvenil, a aula CEMIT e, desde 1983, o Museo das Mariñas.



2. MÁQUINA DE CINEMATÓGRAFO

N.º DE INVENTARIO 2158

ÉPOCA Século XIX

HISTORIA DA PEZA

Trátase dunha das pezas máis antigas das conservadas en Galicia para este tipo de obxectos. É un proxector para cine mudo creado pola casa "Cinematographes Pathé Frères", da "14, rue Favart de Paris", como se pode ver na inscrición.

A peza foi traída desde Neda e depositada no Museo das Mariñas por Ángel M. Rodríguez, Manuel Silvent e Dositeo Silvent, bisnetos do home que conseguiu unha das tres primeiras licencias da provincia da Coruña para facer proxeccións cinematográficas. Ademais, sabemos que se trata dunha máquina empregada na proxección de cine ambulante a finais do século XIX.

Na peza pódese observar o número de serie, o 2005, dunha empresa fundada en 1896 por Charles e Émile Pathé, primeiramente especializada na venta de fonógrafos e que posteriormente acabaría denominándose Compagnie Générale de Cinématographes, Phonographes et Pellicules.

O seu funcionamento está baseado nunha fonte de luz que proxecta a parte posterior da película e que, ao rotar, reproduce as imaxes en movemento. Tamén expostos na entrada do Cine Alfonsetti están outros aparellos de características similares, como o primeiro proxector empregado no cine betanceiro, datado en 1910, ou mesmo algúns de menor formato, como o proxector Moviegraph orixinario do antigo Cine Capitol.

O cine ambulante era algo habitual nas vilas galegas. De feito, no Arquivo Municipal de Betanzos conservamos unha fotografía realizada por Francisco Javier Martínez Santiso que recolle unha proxección ambulante na Porta da Vila a comezos do século XX.



3. LAUDA NAZARÍ DO PRÍNCIPE YUSUF

N.º DE INVENTARIO 1304

ÉPOCA Século XV

HISTORIA DA PEZA

Antes de entregar Granada, Boabdil desenterrou do palacio da Alhambra os cadáveres dos reis e raíñas que levaban alí soterrados varios séculos. Tempo despois, en plena construción do palacio de Carlos V, obrouse sobre o antigo cemiterio e removéronse parte dos seus terreos.

Alí non apareceron os corpos, pero identificáronse as lápidas de catro sultáns: Muhammed II, Yusuf I, Yusuf III e Abul Hachach Yusuf (1450 – 1486). Este último, máis coñecido como o príncipe Yusuf, era o irmán pequeno de Muley Hacén e, polo tanto, tío paterno de Boabdil. A lápida deste último desapareceu durante as obras e, misteriosamente, apareceu en Betanzos.

Hai quen di que chegou a bordo dunha embarcación da Armada Invencible; algunhas persoas opinan que veu como souvenir ou peza curiosa no barco dalgún mariñeiro betanceiro, e hai outras voces que pensan que foi empregada nalgunha nave como pedra de carniceiro, polos cortes e marcas que tiña na súa parte traseira. O caso é que tras chegar á cidade do Mandeo, acabou na igrexa de Santa María do Azougue, onde foi redescuberta durante unhas obras no século XVIII, ao formar parte do altar do templo.

Non deixa de ser curioso que, durante varios séculos, estivésemos oficiando misas católicas sobre unha lauda que está chea de loas a Alá. Do templo brigantino pasou a diferentes espazos e mesmo hai quen di que chegou a ser empregada en carnizarías e panadarías como táboa de traballo.

Posteriormente, foi doada por un tal Diego Mori a un veciño de Deixebre (Oroso). Foi neste momento, de feito, cando comezou o rumor de que podía tratarse da lápida dun rei mouro. Debemos agradecer a súa conservación ao historiador da arte Juan Facundo Riaño, que tivo a iniciativa de interceder para levar a pedra de volta a Granada, non sen antes aproveitar para facer dúas copias en xeso.

Tívoa de adorno na súa casa ata a devolución definitiva á Alhambra en 1899, onde agora forma parte do museo desta institución.

Por outra parte, no Museo das Mariñas conservamos un dos baleirados que se fixeron da peza.



4. SARTEGOS IRMANDIÑOS

N.º DE INVENTARIO 1186 e 1187

ÉPOCA Século XV

HISTORIA DA PEZA

En 1989 ingresaron no museo dous sepulcros dos que nada se sabía e que acababan de aparecer nunhas obras no adro de Santa María do Azougue. Moitas das pezas do pavimento de diante da igrexa eran antigas pedras reaproveitadas e, entre todas elas, descubríronse dúas tapas de dous sepulcros diferentes: o dun home e o dunha muller, que ademais podemos datar a mediados do século XV.

A do home conta cunha inscrición lateral que achega algunha pista sobre a súa procedencia:
"AFONSO: D: CARVALLIDO: MERCADOR:". A tapa representa un home mutilado, ao que lle faltan os pés, e ao que lle desapareceron todos os detalles da cara.
Seguidamente podemos ler algo similar no sepulcro da muller, no que hai un texto que reza: "CLARA SANCHES: MOLLER:D: A: D: CARVALLIDO"; é dicir, Clara Sanches, muller de Afonso de Carvallido.

O home aparece vestido con saia e xibón ao tempo que porta unha espada, o que nos indica que este mercador sería unha personaxe importante. No caso de Clara, o que máis chama a atención da súa vestimenta é o rolo, un tocado típico deses tempos, especialmente entre as mulleres nobres do continente. Sabemos, ademais, que os dous sepulcros estarían localizados no interior da igrexa de Santa María, un dos templos vinculados á familia Andrade.

Pero quen eran Afonso e Clara?

Grazas á documentación do preito Tabera - Fonseca, o documento esencial para coñecermos as revoltas irmandiñas, sabemos que Afonso era un dos alcaldes destas irmandades que atacarían diversas fortalezas do antigo Reino de Galicia.

No caso betanceiro, as súas represalias estarían orientadas cara ao patrimonio do clan dos Andrade. As súas accións viñan precedidas de décadas de descontento e malestar cos cabaleiros que dominaban o territorio desde as súas fortalezas medievais. Ao igual que no resto de Galicia, estes irmandiños fixéronse co poder durante dous anos, de 1467 a 1469, e lograron o derrocamento e a fuxida dos principais nobres e mesmo do arcebispo Fonseca.

Mais co paso do tempo chegou o contraataque desa nobreza fuxida. Xunto ao arcebispo Fonseca, xa retornado, ambos os dous estamentos empregaron a súa forza militar para se vingaren do movemento irmandiño, que foi esmagado e ata obrigado a reconstruír algunha das fortalezas que tiña derrubado.

E como remataron os nosos protagonistas sendo vítimas do vandalismo e fóra da igrexa na que se tiñan enterrado? Pois a teoría máis aceptada é a da vinganza dos poderosos, pola cal o matrimonio sería vítima do afán de desquite dos Andrade, que expulsarían de Santa María os cadaleitos dos seus inimigos para seren reaproveitados no exterior e desprovistos de toda dignidade.

Deste xeito, trasladaron as tapas dos sepulcros fóra da igrexa, picaron a cara de Afonso de Carvallido e colocáronas boca abaixo, para usaren a parte plana como chanzo de acceso á igrexa.

Unha maneira de garantiren que toda a veciñanza, no seu acceso ao templo erguido polos Andrade, pisase os seus inimigos antes de entrar.



5. SEPULCRO DE SANCHA RODRÍGUEZ

N.º INVENTARIO 4477

ÉPOCA Século XIV

HISTORIA DA PEZA

Sancha Rodríguez era filla de Aras Pardo, un cabaleiro con certa sona no medievo galego, e de Tareixa Afonso. Mais a súa importancia en Betanzos e o feito de ocupar un lugar fundamental no Museo das Mariñas veñen dados por ser a primeira muller de Fernán Pérez de Andrade, o Boo. Foi a nai dos seus tres fillos: dúas mulleres, que remataron sendo monxas clarisas en Santiago de Compostela, e un fillo, destinado a herdar o patrimonio do seu pai pero do que case non sabemos nada, porque debeu de falecer nos primeiros anos da súa vida.

Como falar de Fernán Pérez de Andrade en Betanzos é falar dunha das figuras máis destacadas do noso pasado medieval, parece impensable que unha muller puidese eclipsar o seu poderío. Mais é preciso repensarmos a historia unha vez máis e determos a atención en casos como o de Sancha Rodríguez.

Cómpre termos en conta que, no momento do seu enlace matrimonial a comezos do século XIV, o cabaleiro brigantino non era máis que o "segundón" dunha familia, cun futuro sen demasiadas expectativas e destinado seguramente a ingresar no mundo relixioso. E se en algo coinciden as persoas estudosas que teñen analizado esta época é en que o seu casamento con esta muller supúxolle o primeiro éxito no seu meteórico ascenso social, ata se converter nunha figura de referencia para todo o norte de Galicia.

Sancha Rodríguez procedía dunha familia importante e o mero feito de casar cun membro dos Andrade fixo que Fernán medrase socialmente e comezase, deste xeito, a súa ascensión no poder. Hai investigacións que relacionan a propia Sancha Rodríguez con dúas das liñaxes máis poderosas da época: a dos Pardo e a de dona Maior Rodríguez, posible avoa da dama betanceira, que realizou en 1323 un testamento no que enumera moitas das riquezas e posesións da familia por toda Galicia.

Tamén no do seu pai aparece Sancha Rodríguez herdando propiedades en terras de Veríns, Muniferral ou Feás. Mesmo nunha situación de certa igualdade, que pode sorprender a moitas persoas cando falamos da época medieval, aparece en numerosos documentos xunto ao seu marido.

Aínda que sempre identificamos a igrexa de San Francisco co poderío dos Andrade, ben é certo que temos que engadir nesa ecuación a presenza, tamén destacada, dos Aras Pardo. Resulta imposible visualizalo na actualidade mais sabemos por diferentes cronistas que, durante un tempo, a capela maior do templo conservou o sepulcro de Sancha Rodríguez xunto ao do seu marido, ao igual que estarían os de familiares próximos das dúas familias.

Por desgraza, descoñecemos a data de falecemento de Sancha Rodríguez, mais si sabemos que a finais do século XIV Fernán Pérez de Andrade casou con outra muller, neste caso Constanza de Moscoso, doutra das liñaxes poderosas da Galicia medieval.

Ao igual que o sartego do seu marido, o sepulcro de Sancha descansa sobre dous animais. No seu caso escolleron dous leóns, a imitación do escudo familiar dos Aras Pardo, que representa a un león grande apoiado noutro máis pequeno. Nalgún momento da historia a tumba de Sancha foi expulsada do interior de San Francisco e non se recuperou ata finais do século XX. De feito, o primeiro león apareceu no xardín desta igrexa, soterrado parcialmente, e o segundo estaba oculto no rocho dunha casa da rúa Lanzós, do cal foi retirado e levado para o museo, onde ambos descansan desde a década dos 80.

Da caixa do sartego soubemos en 1985, ao rehabilitarse o antigo mosteiro de San Domingos para a instalación do Museo das Mariñas. O edificio acollera anteriormente a Garda Civil, que aproveitaba o patio interior para resgardar os seus cabalos.

E xusto aí, nesa bacía onde bebían as bestas, estaba o cadaleito de Sancha Rodríguez, unha das mulleres máis destacadas da nosa historia medieval. Por mor do seu uso como bebedeiro, a tumba aínda conserva varios
buratos nun lateral.



6. ARA ROMANA

N.º INVENTARIO 46

ÉPOCA Século I antes da nosa era

HISTORIA DA PEZA

Son varias as aras de época romana que conservamos no Museo das Mariñas pero seleccionamos esta, atopada no concello de Aranga, por ser a que máis tempo leva formando parte da colección e porque é das mellor conservadas.

Unha ara é un pequeno altar de pedra, con forma de columna, empregado na época romana para facer ofrendas ou cumprir o prometido coas deidades. Estas pezas, ligadas ao culto, adoitan contar cunha inscrición na que aparecen recollidos tanto a persoa que a dedica como o deus ou deusa a quen van dirixidas.

Neste caso, esta peza de granito apareceu durante unhas obras na igrexa de San Vicente de Fervenzas (Aranga), o que leva a pensar na posible existencia dun templo pagán anterior á construción da igrexa. As investigacións sosteñen que a inscrición que se pode ler nesta ara é a seguinte:
“R. B? A S S I / N V S. V / O T V M. / I O V I / L. A. S.”

Este texto traduciríase da seguinte maneira:
Rufius Bassinus cumpriu o voto libremente para Xúpiter.
Temos, polo tanto, un ofrecemento ao deus Xúpiter por parte dun Rufo ou Rufius Bassinus.

Ademais, esta ara cobra unha importancia aínda maior cando recentemente, durante as obras dunha casa particular, apareceu outro altar, peor conservado, onde aínda se pode ler: “I. O.M. / SEVER / US. A [...] / [...]”
Que nas investigacións se traduce como:
Severus [cumpriu o voto libremente] para Xúpiter Óptimo Máximo.

Este Óptimo Máximo indica o nome completo do deus, “Xúpiter o mellor e o máis grande”, e lévanos a pensar en Fervenzas como un punto importante dentro da romanización destes territorios, por concentrar en tan pouco espazo dúas ofrendas realizadas á mesma divindade.



7. ESPENUCA

N.º DE INVENTARIO 3.079

ÉPOCA 881

HISTORIA DA PEZA

De forma casual atopouse esta pedra partida nun camiño da Espenuca (Coirós). Nela queda constancia dunha antiga inscrición, que aínda se pode ler: "DULFUSPbS IASERA-DCCC".

Xa foron moitas as persoas que a estudaron. Un dos primeiros foi o párroco de Tiobre, Manuel Antonio de Verín y González de Hevia, quen en 1811 escribiu na súa historia manuscrita da cidade de Betanzos que no alto do monte se encontraba a igrexa parroquial de Santa Eulalia "y adelante della (sic) un poco más se halla una peña con unas señales de letras antiquísimas cuyos caracteres son desconocidos".

En 1863 sería o arqueólogo Antonio de la Iglesia quen advertía dos perigos de conservación que corría, ante as lendas que circulaban entre a veciñanza e que buscaban apartala do seu lugar para atopar os tesouros que podería agochar.

Ademais explicaba a disposición desta peza no monte, con outra pedra cortada a modo de asento para poder ler o texto desta inscrición coma se fose un libro aberto ou un paxaro, o que lle valeu o sobrenome de "Pena Paxara".

Vinte anos despois, a chegada á Espenuca de Antonio López Ferreiro e Fidel Fita xa coincide coa da desaparición da pedra, esnaquizada pola veciñanza.

Eles mesmos explican: *A finais do século XIX, Florencio Vaamonde Lores explica que «es muy probable que en una de estas invasiones normandas destruyesen estos infieles el santuario de santa Eulalia de Espenuca. De la vivienda de los monges (sic) no hay más que vestigios.*

La iglesia parroquial, que es de estilo bizantino, es lo que se conserva íntegro, y se halla situada en un risco escarpado a más de una legua de Betanzos.
En una peña inmediata se hallan algunas inscripciones rotas y despedazadas que según la traducción del sabio arqueólogo don Antonio de la Iglesia dicen lo siguiente:

> *En el nombre del Padre y del Hijo y del Espiritu Santo en el alto lugar de esta soledad o yermo fue construida la obra por un señor llamado Tendyfos, Cendulfo, de la dignidad sacerdotal, primer monge (sic) de Santa Eulalia vino el día 22 de febrero del año ochocientos ochenta y uno.»*

Esta inscrición daba conta da fundación da igrexa, consagrada polo bispo Cendulfus, e permaneceu perdida no monte ata a súa recuperación no ano 1949, aproveitando as obras da estrada.

A súa destrución parece estar ligada a unha lenda que aínda se mantén na zona. Segundo esta, unha parte da veciñanza dinamitou a pedra ao pensar que debaixo dela habería un tesouro, xa que fora obra dos mouros, que ata tiñan asentos feitos nela. Crían que desde esta pena descendía unha barra de ouro por debaixo da terra ata o Pozo da Moura, en Chelo; un depósito natural de augas escuras, con pedras dispostas para intentar atravesalo e un caudal que formaba un remuíño do que era imposible saír.

8. LAGAR





N.º DE INVENTARIO 1559

ÉPOCA Século XVIII

HISTORIA DA PEZA

Este lagar formou parte da bodega de Tomás López Loureda ata a súa doazón ao Museo das Mariñas.

Trátase dunha peza cunha historia vinculada aos chamados "lagares de tipo Plinio", uns métodos para o prensado da uva que xa foran descritos por Plinio o Vello en época romana. O seu uso mantívose ata ben entrada a Idade Moderna e, de feito, consérvanse aínda moitos exemplos en bodegas de todo o país. Co paso do tempo, estes lagares substituíronse por prensas ou lagaretas máis lixeiras.

O que máis chama a atención da súa estrutura é a viga de madeira que funciona como panca en contraposición ao parafuso de madeira que, fixado a unha pedra de contrapeso, move undos extremos da viga para exercer a presión sobre a froita. O movemento prodúcese grazas a outra panca que está na base do fuso e que permite mover a prensa de forma vertical, con movementos arriba e abaixo. Este xiro provoca que a viga baixe no outro lado e prema as táboas de madeira que se colocan sobre a uva, que permiten extraerlle o zume para a súa posterior fermentación en toneis e barricas. Co bagazo, composto polos restos da uva prensada, elabórase a augardente nos alambiques mediante un proceso de destilación que é tamén habitual en moitas das bodegas da cidade.

Trátase dunha peza simbólica da economía betanceira, pois o viño foi un dos produtos estrela dos campos mariñáns.

A vinculación betanceira co viño está documentada desde o século VIII e foi sempre unha peza clave da vida brigantina. Chegou mesmo a converterse nunha materia regulada polas propias ordenanzas da cidade desde o século XVI, xa que a uva chegou a ser case un monocultivo nestas terras.

E como dicía Álvaro Cunqueiro: "En Betanzos, tras haber bebido bien el vino del país, lo que no levita, navega."



9. TRAXE DE BETANCEIRA

N.º DE INVENTARIO 925

ÉPOCA Século XIX

HISTORIA DA PEZA

De todos os traxes que conservamos na sala do traxe, seguramente o máis importante para a nosa cidade sexa o que pertenceu a Matilde a Torreira. Ela mesma databa o conxunto na primeira ou segunda década do século XIX e afirmaba que chegara a ela a través de diferentes xeracións da súa familia.

Explicaba tamén que o traxe fora deseñado para ir á Coruña a bailarlle a unha raíña que pasaba de visita e que mesmo tivo todo tipo de ofertas por el. De feito, chegou a ser unha peza cobizada, que intentaron comprar unha vez para lle regalar a Evita Perón nunha visita á capital coruñesa.

A importancia para nós vén dada polo seu óptimo estado de conservación e porque constitúe un grande exemplo dos traxes típicos da zona. Está composto de dúas camisas (que non son as orixinarias do traxe), saia, enagua, xustillo, dengue, mantelo, mandil, mantilla e medias.

E se tomamos como referencia as palabras de Emilia Pardo Bazán, cómpre sinalarmos que é dos mellores da nosa comarca, o que quere dicir tamén que é dos mellores de todo o país:

> *Pero aun cuando presumen con razón las muradanas, por su elegante arreo, de llevarse la palma en Galicia, pienso que el traje clásico de gallega es el usado por las mujeres de mi país, las mariñanas. Lucen estas dengue de escarlata orlado de negro terciopelo y sujeto atrás con plateado broche; el justillo, de fuerte drogué, se escota sobre la chambra de lienzo con flojas mangas y puños de curiosa manera fruncidos; el soberbio mantelo no cede en riquezas a otro alguno, y se ata atrás con cintas de seda de charros colorines; bajo la franja del mantelo se ve media cuarta de saya de grana, y se entrevé un dedo de refajo de amarilla bayeta, y el zapato de cuero con lazadas de galón azul; ciñe su cuello la gargantilla de filigrana, y cubre sus hombros el pañuelo de blanca muselina, prolijamente rameado.*



10. ABANOS DA COLECCIÓN COSSÍO

N.º DE INVENTARIO 2072, 2076, 2087, 2096, 2099, 2105, 2108, 2109, 2119 e 2122

ÉPOCA Séculos XVIII, XIX e XX

HISTORIA DA PEZA

Desde 1996, o Museo das Mariñas conta co depósito dunha parte importante da colección privada da familia Jiménez Cossío, grazas á colaboración co centro de Natalia Jiménez de Cossío. Este fondo está composto por diferentes pezas de arte téxtil, que van desde os bordados ata os brocados ou os dechados.

Mais desta volta queremos destacar os artigos máis rechamantes do conxunto: os abanos.

Estas pezas parten da reivindicación que fai a familia da arte popular. Trátase dun grupo de obxectos que, pola súa achega estética ou pedagóxica, pasaron a ser considerados como obras de arte e a estar expostos nos museos. Tanto Bartolomé Cossío, impulsor da Institución Libre de Enseñanza, director do Museo Pedagóxico Nacional e avó de Natalia; como o seu xenro Alberto Jiménez Fraud, director da Residencia de Estudiantes de Madrid e pai da nosa colaboradora, reivindicaron constantemente a contribución deste tipo de recursos como bandeira da arte da xente humilde, polo que se dedicaron á súa recolleita durante varias décadas aproveitando sempre viaxes e visitas a toda clase de territorios. Progresivamente artellaron unha inmensa colección que padeceu tamén o devir do século XX.

Coa chegada da Guerra Civil, Jiménez Fraud viuse na obriga de marchar ao Reino Unido, polo que a súa muller quedou encargada de salvar a colección e deixala depositada no Museo Sorolla de Madrid. Rematada a II Guerra Mundial, a súa filla Natalia e o seu marido John Stucley recollérona: unha parte pasou á Universidade Complutense e outra veu para a casa de veraneo da familia, na súa quinta de San Victorio, en San Fiz de Vixoi (Bergondo).

Os problemas de conservación deste espazo xunto coa apertura do Museo das Mariñas fixeron que parte dese fondo acabara exposto nas paredes do museo betanceiro.

Das máis de cen pezas que compoñen esta colección, chamamos a atención para un conxunto de diferentes abanos datados entre o século XVIII e o XX. Temos exemplos de abanos das escolas inglesa, francesa, chinesa ou española, con decoracións que van desde escenas pintadas ao gouache ata reproducións de litografías. Hainos con varetas de marfil, nácar, madeira ou realizados totalmente en óso.

Alén disto, destacan especialmente as imaxes que representan: desde composicións relixiosas e moralizantes a escenas campestres, da cultura clásica ou mesmo decoracións máis austeras como unha composición floral realizada sobre seda.

Un dos abanos ata conserva a súa caixa, co escudo do "abaniquero y sombrillero de cámara de S. M.", Teodoro Brizuela, e outro leva inscrita a palabra "recuerdo", seguramente por ser alusivo á posta de longo dalgunha dama da alta sociedade.





11. CERÁMICA DA RÚA DO CASTRO

N.º DE INVENTARIO 3971 a 4303

ÉPOCA Séculos IV a II antes da nosa era

HISTORIA DA PEZA

Consérvanse no Museo das Mariñas os restos arqueolóxicos aparecidos durante a realización dunhas obras no número 8 da rúa do Castro. Este tipo de depósitos son habituais no museo, pero neste caso estamos ante unhas pezas cunha importancia simbólica para o coñecemento da nosa historia.

Sempre se repetiu que, tralo traslado da cidade en 1219, a vila nova de Betanzos estaría asentada no castro de Unta. Este castro tería a súa croa na actual praza da Constitución e contaría con varias murallas defensivas. Estes límites irían medrando co paso do tempo e coa expansión da cidade, e pasarían dunha primeira muralla que bordearía a propia praza a outra que podería responder ao actual trazado da rúa Nova e da rúa Travesa. A derradeira sería a que coincide co trazado da muralla medieval actual e as súas portas.

Mais esta teoría, baseada sobre todo na disposición urbana da cidade, poucas veces se tiña contrastado con escavacións arqueolóxicas, polo que apenas existían restos materiais que nos explicasen esta época do noso pasado.

No ano 2015, a realización destas obras na rúa do Castro obrigou a facer un control arqueolóxico, que fixo aparecer baixo terra un posible foxo defensivo da primeira muralla (a que rodearía a croa do castro) e unha gran cantidade de restos pétreos e de cerámica que agora expoñemos no Museo das Mariñas.

No caso da cerámica, trátase de máis de 300 restos, todos eles de orixe castrexa e datados entre os séculos IV e II a.C. Gardan, ademais, moitas similitudes cos restos cerámicos aparecidos por todo o norte da Galicia actual.

Tal e como explican os responsables do achado, Víctor Tomás Botella e Xosé Ramón Martínez, as vasillas están feitas a man por superposición de rolos e, nalgún caso, a torno lento, con pastas pouco compactas e fráxiles, de amasado deficiente, con compoñentes graníticos de seixo e mica e coccións irregulares entre os 600 ºC e os 900 ºC. A cor das pezas oscila entre tonalidades escuras (grises e negras) e algo máis claras (ocres e pardas), mesmo con transición na mesma peza.

Pero o que máis chama a atención é a escaseza de decoración plástica no conxunto da colección, que na súa maior parte está formada por cuncas, fontes e olas.





12. FERRADO DE BETANZOS

N.º DE INVENTARIO 2156

ÉPOCA 1818

HISTORIA DA PEZA

Falar de ferrados é falar de medidas. Neste caso concreto, dunha maneira de medir o volume, a masa ou a superficie en Galicia; cun sistema que leva instaurado desde a Idade Media e que para moitas persoas non puido ser substituído polo sistema métrico decimal.

Este caixón con forma trapezoidal permitía medir o volume ou a masa, a través da cantidade de cereal ou legume que puidese entrar dentro do recipiente; ou tamén a superficie, xa que servía para calcular a extensión de terreo necesaria para sementar os cereais que collesen no interior da caixa.

Neste caso, dependendo da produtividade da terra, serían precisos máis ou menos metros cadrados de superficie para poder plantar os cereais. Cómpre termos en conta que, logo de enchermos o ferrado co cereal, habería que pasar o rebolo, un pau que serve para rapar e facer que a cantidade non sobresaia da caixa.

Mais o ferrado non deixa de ser un caixón de madeira, nalgúns casos decorado. Neste caso, o ferrado que conservamos conta coa inscrición do escudo de Betanzos e o ano 1818, está provisto dunha asa nun lateral e ten o bordo contrario inclinado en 45º para facilitar o seu baleirado.

Para moitas familias foi unha referencia de uso diario, pois en ferrados había que tributar e pagar ás persoas propietarias das terras que tiñan arrendadas; tamén aos mestres e mestras das chamadas "escolas de ferrado", pequenas escolas rurais impulsadas polo propio campesiñado, nas que un profesor ou profesora ensinaba as normas básicas a cambio do pago dun ferrado de cereal ao ano.

No caso betanceiro, o ferrado representa unha superficie de 25 varas en cadro ou, o que é o mesmo, 434 metros cadrados. Ese sería o terreo que precisariamos para poder sementar todo o cereal que podemos acoller neste ferrado que agora expoñemos no museo.

Ademais, dependendo da zona, esta medida varía en función da calidade das terras, polo que as publicacións como o Mintireiro verdadeiro ou o ZZ son os almanaques agrícolas máis recomendables para coñecermos estas variables da economía rural galega.



Minerva

13. MOEDA ROMANA

N.º DE INVENTARIO 3.079

ÉPOCA Século III antes da nosa era

HISTORIA DA PEZA

No Museo das Mariñas consérvase un importante lote de moedas de época romana. A maior parte delas comparten procedencia, xa que apareceron na contorna de San Martiño de Tiobre e Betanzos o Vello, o que liga esta zona do Betanzos primixenio co período de romanización.

Neste caso concreto queremos tomar de exemplo a que pode ser a máis antiga de todas, a que podemos datar dentro do período da República, en torno ao século III a.C.

Trátase dun denario de prata, de tres gramos de peso e cun tamaño de 18 milímetros. É unha peza ben conservada en cuxo anverso podemos apreciar unha representación da cabeza de Minerva, deusa da sabedoría e das artes, que porta un casco alado e un colar. Mira cara a dereita e baixo a súa cabeza aparece o signo "X".

Pola contra, no reverso están representados os fillos de Xúpiter, os xemelgos Cástor e Pólux, coñecidos como os "Dióscuros". Avanzan cara a dereita sostendo unha lanza e cada un monta un cabalo diferente. Baixo os dous, podemos ler a lenda "Roma". Dentro da mitoloxía romana o primeiro era coñecido polas súas dotes para domar e cabalgar cabalos, mentres que o seu irmán era un experto na loita.

Paga a pena deterse a contemplar esta colección, xa que nela podemos identificar todo tipo de personaxes e deidades do mundo romano que van desde Xano a Nike, Pegaso ou mesmo emperadores como Traxano ou Augusto.



14. PLACA DAS MINAS DE AZOUGUE

N.º DE INVENTARIO 4382

ÉPOCA 1786

HISTORIA DA PEZA

> *Reinando en España Carlos III, de su Real Orden, buscó esta veta de azogue el Teniente Coronel D. Feliciano Míguez Pereira, con evidencia de haberlo en la casa de Oca en la plazuela de Payo Fermoso. El Marqués de Mos prefirió sus despreciados fines particulares y de aquella casa a los intereses del Rey y de esta ciudad de Betanzos. Sus falsas esposiciones suspendieron esta obra. Año de 1786.*

Isto reza a placa de chumbo que pecharía unha das galerías subterráneas da cidade de Betanzos á que se accedía desde a Casa da Mina, na contorna da Porta do Cristo. Pola parte traseira de dita placa aínda se pode ler: "Siguiendo esta entrada sobre la derecha está la veta".

Segundo o xornal El Pueblo, editado en Betanzos en 1902, existirían dúas placas. A que conservamos no Museo das Mariñas, relativa á galería de poñente, e outra a día de hoxe desaparecida, que correspondería coa galería de levante, cuxa inscrición rezaría así:

> *Reinando en España Carlos III se emprendió en seguimiento de azogue esta mina. El Marqués de Mos pudo con falsas esposiciones se suspendiese esta obra, en perjuicio del Rey y de este pueblo, con el fin de encubrir el azogue líquido que se halla en la casa de Oca, del frente. Año de 1786.*

Estas dúas placas serían a testemuña directa dun dos maiores misterios da cidade, a de todos eses supostos pasadizos subterráneos que perforan o subsolo de Betanzos.

A orixe deste problema estaría na igrexa de Santa María do Azougue, onde houbo quen pensou que o termo azougue podía facer referencia ao mercurio. Había testemuñas na cidade que falaban de vetas de mercurio no subsolo, o que levou ao rei a mandar a Betanzos un dos seus enxeñeiros para que procurase tan prezado mineral.

A escavación comezou fronte ao palacio que o marqués de Mos tiña na Ribeira, nas proximidades da praza de Paio Formoso, pero ao pouco tempo foi clausurada con esta placa que hoxe expoñemos no museo. Tanto esta expedición coma outra desenvolvida no século XIX provocaron que boa parte do casco histórico da cidade fose perforado no seu subsolo na procura das vetas do azougue que parece ser que nunca encontraron.

Porén, a explicación desta gran cantidade de pasadizos está nun erro lingüístico, xa que o azougue non ten por que facer referencia só ao mercurio, senón que pode ser unha evolución da palabra árabe *al`suq* ou zoco, termo empregado para designar as prazas e mercados.

Precisamente como a que habería nas portas da igrexa de Santa María, un dos primeiros puntos comerciais para a compravenda de grans e sementes na cidade.



15. MAQUINARIA DO RELOXO

N.º DE INVENTARIO 4462

ÉPOCA 1757

HISTORIA DA PEZA

Un dos elementos patrimoniais máis singulares da nosa cidade é, sen dúbida, a Torre do Reloxo, unha gran torre anexa á igrexa de Santiago e que moita xente confunde con outra torre máis do propio templo.

Pero non, a Torre do Reloxo é un ben municipal no que destacan diferentes aspectos: os escudos de Betanzos da súa decoración, o reloxo central, os catro ventos que rodean o reloxo e que aparecen representados por homes que sopran con forza, ou a fenda que lle provocou o gran terremoto de Lisboa en 1755.

Sabemos que pode datar de finais do século XV ou comezos do XVI e que mesmo pode ter a súa orixe nunha simple torre defensiva. En 1551, o Concello de Betanzos contratou o eumés Jerónimo Francés para arranxar o reloxo, que estaba "todo desconpostado. Foron varias as reparacións que houbo que levar a cabo nos anos seguintes, pero a de maior magnitude foi a provocada polo sismo, de 8,5 na escala do momento, de mediados do século XVIII.

Por iso se decidiu traer en 1757 a Juan Antonio Fernández Lombardero para construír un novo reloxo para a torre betanceira, unha maquinaria que se retirou co paso do tempo e que agora forma parte da colección do museo.

Os Lombardero eran unha familia de reloxeiros orixinaria da fronteira entre Lugo e Asturias, especializada nestes traballos desde comezos do século XVIII, tanto en reloxos mecánicos coma en reloxos de sol.

Contaban con ampla experiencia en traballos co ferro, o que lles permitiu tamén especializarse en reloxos de torre como o betanceiro, polo que chegaron a instalar reloxos mesmo nas catedrais de Lugo e Mondoñedo ou en Ribadeo.

Como curiosidade, cómpre sinalarmos que alén de asinaren as súas obras, tamén as numeraban.

De feito, o reloxo brigantino foi marcado co número 5, tal e como reza unha das inscricións que aínda se pode ler nun dos ferros da maquinaria:

LOMBARDERO LO HACIA PARA LA M. N. Y M. L. CIUD DE BETANZOS SIENDO CORREGIDOR DE ELLA EL SR D. JUAN PASARIN Y LLAMAS Y PROCO GENAL D. JOSEPH GONZALEZ VILLAMIL. AÑO DE 1.757. Nº 5º.



16. ESCULTURA DO SANTIAGO PEREGRINO

N.º DE INVENTARIO 1288

ÉPOCA Século XIV

HISTORIA DA PEZA

A vinculación desta peza co Museo das Mariñas iniciouse o xoves 17 de decembro de 1992, cando se atopou entre os restos do convento de San Francisco mentres se executaban as obras para converter parte do edificio das antigas escolas no conservatorio de música.

Cando o persoal da Escola Taller se encontraba cavando unha gabia ao carón da parede, apareceu unha escultura de vulto redondo. Era unha figura que non chegaba aos 70 cm de alto e á que, por desgraza, lle faltaba a cabeza.

O primeiro que chama a atención da escultura, ademais de estar decapitada, é a súa vestimenta: porta unha peliza, unha peza de roupa feita de peles finas, cunha característica que a fai diferente a outras esculturas semellantes, xa que a betanceira leva o pelo para fóra da vestimenta. Esta peliza chega ata a metade das pernas e deixa entrever por baixo un saio, un vestido amplo de feitura simple a semellanza dunha casaca. Esta prenda sería a parte intermedia entre a peliza e o xibón, que vestiría a zona dos brazos, aínda que no caso betanceiro non se distinguen as mangas da peza.

Os diferentes pregos da roupa permitiron datar esta figura, xa que segundo Alfredo Erias representa o mesmo modelo que os dos sepulcros de Nuño Freire de Andrade e do xurado Pedro Martiz Reimóndez, atopados tamén en San Francisco; ou o do notario Xoán Bonome, da igrexa veciña de Santa María do Azougue.

Seguindo esta teoría, a datación establécese en torno ás derradeiras décadas do século XIV, e indica que mesmo podería formar parte da decoración dunha das esquinas do antigo claustro do convento, construído por Fernán Pérez de Andrade e rematado en 1387.

A peza estaría adherida á parede, xa que na parte traseira conta cunha parte sen esculpir. A vestimenta complémentase cun bordón que leva na man dereita, un bastón de altura importante no que se apoiaban para camiñar os antigos peregrinos e que podían empregar tamén para a autodefensa, polo que na parte baixa da vara aínda identificamos unha especie de remate de metal terminado en aguillón.

Todo o báculo estaría rodeado por unha cinta que podería ter numerosos usos. Na outra man leva un libro, o Evanxeo, o que o diferenza de calquera outro peregrino do común. Un tomo que ademais aparece protexido por ferraxes, pechado e selado. Nese costado esquerdo tamén destaca a representación dunha cantimplora colgada dunhas cintas de coiro.

Finalmente, os pés levan algún tipo de calzado pero a destreza do escultor non achega ningún detalle que nos permita sacar novas conclusións.

Este Santiago peregrino é unha das primeiras representacións coñecidas en Galicia para esta figura. Este feito pon de relevancia Betanzos no mapa medieval galego como un punto xeopolítico destacado, que lega para o futuro unha gran cantidade de patrimonio medieval.



17. BUSTO DE CASTELAO

N.º DE INVENTARIO 4.321

ÉPOCA 1951

HISTORIA DA PEZA

Este busto foi un agasallo dos betanceiros e betanceiras emigrados na Arxentina e, por voltas da historia, acabou dándolle nome á Biblioteca Municipal de Betanzos.

É unha peza de bronce sobre un pedestal de alabastro, realizada por Domingo Maza para conmemorar o primeiro aniversario do pasamento do rianxeiro. O Centro Betanzos de Buenos Aires doou ao Concello de Betanzos o busto de Castelao, presidente honorario da institución, coa intención de que fose colocado nunha das prazas principais da cidade, á que se lle debería poñer o nome do intelectual galeguista.

Nese momento gobernaba en Betanzos a UCD coa oposición do PSOE e do Partido Comunista Galego. Por diferenzas ideolóxicas o busto non foi ben recibido, polo que o goberno local decidiu depositalo na biblioteca e cambiarlle o nome á institución, de xeito que pasou a ser denominada oficialmente Biblioteca Municipal A. Castelao de Betanzos.

O PSOE, por cumprir coa vontade das persoas emigradas, propuxo trasladar a figura á praza do Lastras. Esta decisión estaría motivada polo feito de que Castelao tiña escrito un libro sobre cruceiros.

Pola contra, o PCG propuxo que o busto quedase na planta baixa do Concello para logo ser recolocado no futuro museo do traxe rexional que se quería crear no pazo de Bendaña.

Deste xeito, aproveitarían a estratexia para mudaren tamén o nome da praza, que levaría o nome de Castelao e deixaría de ser do Xeneral Franco. A maioría coa que contaba permitiulle á UCD deixar o busto na biblioteca para desgusto dos arxentinos e arxentinas, que criticaron no seu boletín a decisión do alcalde con artigos como "Ni calle, ni plaza…ni busto: La UCD de Betanzos contra Castelao", nos que protestaban en contra da decisión por ser a biblioteca un lugar menor, que "vegeta en un edificio sumamente deteriorado y está huérfana de todo apoyo económico y promoción cultural".

Na actualidade a biblioteca continua a levar o nome de Castelao e o seu busto ocupa un lugar destacado na exposición do Museo das Mariñas.



A raíña das festas

18. BANDEIRA DAS IRMANDADES DA FALA

N.º DE INVENTARIO 2136

ÉPOCA 1917

HISTORIA DA PEZA

Antón Vilar Ponte creou na Coruña, alá por 1916, as Irmandades da Fala. Un movemento que buscaba recuperar o idioma galego e os valores propios da cultura galega, á marxe de ideoloxías políticas. Baixo a premisa de "engrandecer a nosa terra en todas as ordes" tal e como reza o seu regulamento, chegaron a Betanzos no outono de 1917.

Este "fato de rapaces ateigados de amor á terra e libres do noxento estigma de caciques ou de criados dos caciques" dinamizaron a vida cultural da cidade nas primeiras décadas do século XX, achegándose progresivamente ao entorno do galeguismo.

Cun local de seu no número 22 dos soportais da praza do Campo, no que tiñan tamén biblioteca propia, a Irmandade da Fala betanceira comezou o seu percorrido para tratar de achegar o seu programa ás clases medias e ás minorías cultas. Para iso, valéronse de elementos como o seu propio voceiro, o xornal Rexurdimento, ou a recuperación dos Xogos Florais, para potenciaren o uso do idioma e a recuperación das tradicións culturais galegas a través de certames literarios e artísticos, auspiciados por personalidades destacadas de cada eido.

Nestes xogos nomeábase unha raíña da festa que, acompañada das damas de honra da súa corte de amor, presidía os actos. Todas elas ían engalanadas co traxe galego.
Entre os seus símbolos destaca a bandeira da irmandade, agasallada por Federico Pita e posiblemente deseñada por Camilo Díaz Baliño.

Conta coa representación da cruz de Santiago, a banda diagonal azul da bandeira galega, o escudo de Betanzos e a fouce, que constitúe un dos emblemas da agrupación e está ligada ao simbolismo da clase traballadora.



19. BANDEIRA DA II REPÚBLICA

N.º DE INVENTARIO 1610

ÉPOCA Século XX

HISTORIA DA PEZA

Desde o 14 de abril de 1997, forma parte da colección do Museo das Mariñas a bandeira republicana española que presidiu durante décadas as xuntanzas do goberno republicano exiliado en París.

Baixo este emblema enterráronse numerosos persoeiros vinculados ao republicanismo e aínda na actualidade segue a ser motivo de homenaxe entre moitos colectivos que habitualmente se achegan ao museo.

Esta peza, cargada de simbolismo, chegou ao museo por vontade de Javier Alvajar López, político republicano que, ao igual que o seu pai César Alvajar, formou parte dos movementos republicanos no exilio francés.

Xunto coa bandeira, doou a Betanzos un importante fondo documental para coñecermos os movementos políticos e sociais que durante a ditadura traballaron desde o exilio parisiense: a delegación do Consello de Galiza, a Casa de Galicia en París, a agrupación A la Tercera República, o Fondo de Ayuda a los Republicanos Españoles, o Movemento Europeo, a Unión Federalista de las Comunidades Étnicas Europeas (UFCE) ou a Acción Republicana Democrática Española (ARDE).

Estes son algúns dos movementos que se poden estudar a través dos fondos que agora conservamos no Arquivo Municipal de Betanzos.



20. ECCE HOMMO

N.º DE INVENTARIO 793

ÉPOCA Séculos XVII ou XVIII

HISTORIA DA PEZA

Son moitos os misterios que rodean esta peza. O que entendemos que aparece inventariado no rexistro do Museo das Mariñas como "óleo no que se representa a Xesucristo coroado de espiñas" pode ser tamén unha obra procedente do antigo Hospital de Santo Antonio, tal e como parecen indicar os inventarios de bens do propio hospital.

Ata comezos do 2026 esta peza estaba conservada nos almacéns do museo. Foi descuberta grazas á visita da restauradora de arte Patricia Muñoz, quen movida pola súa curiosidade estivo inspeccionando o cadro. Ademais da propia imaxe, resultáballe rechamante unha tela que cubría toda a parte traseira do bastidor, onde unha pequena rotura permitía apreciar restos de pintura no reverso do cadro.

A sorpresa foi maiúscula ao retirar eses restos de tela e atopar que a parte posterior do óleo contaba tamén con outra pintura, a das costas feridas e ensanguentadas do Xesucristo recentemente descendido da cruz.

Este tipo de imaxes, moi pouco frecuentes na península, están máis vinculadas á arte americana. É habitual ver estas representacións en actos relixiosos de Latinoamérica e, de feito, entre a pintura novohispánica do século XVIII podemos encontrar algúns exemplos similares. Estas obras, aparentemente vinculadas á Semana Santa, constituían decoracións efémeras, con certa dose de teatralidade, que permitían achegarse á imaxe tanto por diante como por detrás.

A súa restauración, sufragada pola confraría da Semana Santa de Betanzos, permite admirar agora esta peza dentro da sala dedicada ao antigo Hospital de Santo Antonio.



21. ARCA DAS TRES CHAVES DO HOSPITAL DE STO. ANTONIO

N.º DE INVENTARIO 587

ÉPOCA 1.674

HISTORIA DA PEZA

A Arca das Tres Chaves era a porta que flanqueaba a caixa de caudais e o arquivo do desaparecido Hospital de Santo Antonio de Padua, na actual praza dos Irmáns García Naveira.

Trátase dunha peza na que aparecen representados os fundadores do hospital, Antonio Sánchez de Taibo e Estefanía de Valencia y Guzmán, baixo unha nube da que xorden dous raios e o lema "BEATVS QVI INTELLIGIT SVPER EGENVM ET PAVPEREM", copia do inicio do Salmo 41: "ventureiro o que coida do débil e do pobre".

Na parte inferior aparece o ano de fundación do hospital, creado en 1674, xunto ao nome dos dous fundadores. No lado dedicado a Antonio Sánchez de Taibo, este persoeiro aparece acompañado dun escudo nobiliario coa lenda "ARMAS DEL SEÑOR FVNDADOR" sobre unha cruz de Santiago, motivo que se repite tamén nas súas vestimentas, bordadas co hábito da Orde de Cabalería de Santiago.

Aínda que tecnicamente non é unha peza moi lograda, si que ten unha gran carga simbólica pola transcendencia do seu labor, xa que foron os creadores dun dos hospitais da cidade para pobres e peregrinos.

Tamén destaca polo nivel de relevancia co que queren ser lembrados a través da súa imaxe: imitando co seu retrato as modas da época entre as clases acomodadas; signo que poderían ter visto nas súas numerosas viaxes por Europa, especialmente na zona de Flandes, onde Antonio Sánchez de Taibo desenvolvera parte da súa carreira diplomática para a monarquía hispánica.

Ademais, cómpre termos en conta que Sánchez de Taibo fora Ministro do Consello de Indias e rexedor perpetuo das cidades de Betanzos e A Coruña.

Do hospital tamén conservamos no Museo das Mariñas as súas campás, o apostolado da escola de Rubens e, posiblemente, a imaxe do Ecce Homo que aparece nos inventarios patrimoniais da institución.

Xunto con isto temos no Arquivo Municipal o fondo documental da institución, un dos mellores testemuños para achegarse á historia da medicina na nosa vila. Contén exemplos como o acontecido con Isabel de Lucerna, unha peregrina embarazada que faleceu ao seu paso por Betanzos e acabou sendo a protagonista neste hospital dunha das primeiras cesáreas post mortem que se coñecen.



22. APOSTOLADO DO HOSPITAL DE STO. ANTONIO

N.º DE INVENTARIO 889 a 901

ÉPOCA Século XVII

HISTORIA DA PEZA

Este apostolado é o conxunto de cadros que mercou o fundador do Hospital de Santo Antonio, Antonio Sánchez de Taibo, e que el mesmo denominou *Pinturas de Roma.*

Entre a decoración do antigo hospital encontramos trece táboas que representan a figura de Cristo e un apostolado completo cos doce apóstolos, con cadanseus distintivos. Desde o século XVII é habitual encontrarmos estas pinturas en lenzos ou táboas, seguindo o sentido procesional das igrexas. O seu obxectivo didáctico e propagandístico buscaba facer fronte ás teses luteranas, motivo polo cal se representaban os apóstolos de forma clara e memorizable, cunha imaxe xa interiorizada polos fregueses e freguesas e reforzada polos seus atributos, que adoitan ser os instrumentos do seu martirio.

Ao restauralos a finais do século XX descubriuse que a súa procedencia orixinal non sería a cidade de Roma, xa que todos os cadros contan con dúas inscricións na parte traseira de cada obra: as marcas de autenticidade que establecía o gremio que comercializaba as táboas de carballo sobre as que están pintadas os apóstolos e o escudo da cidade de Amberes onde se realizaron.

Un estudo comparativo levou a concluír que este apostolado podería proceder da escola do pintor Peter Paul Rubens (Siegen, 1577 – Amberes, 1640), a quen se lle atribúen varios dos apostolados que se conservan.

O máis coñecido é o *Apostolado de Lerma*, do Museo do Prado, pero existen copias en diferentes cidades como pode ser este de Betanzos.

Ademais, hainos de todas as variedades: copias dos discípulos con retoques do mestre, dos aprendices do taller ou realizadas trala morte do artista. Ningunha copia é igual á outra, xa que, ante a imposibilidade de coñecer directamente o apostolado do Prado, cada artista debía acudir a estampas que lle servisen como modelo.

Rubens conseguiu gravadores que reproduciron o seu estilo de maneira fiel, como N.Ryckmans. No museo conservamos algunhas das súas imaxes, doadas por Mireille Madou. O éxito destes gravados e a fama de Rubens en Europa propiciaron a produción en masa destas copias, a través dos mercados artísticos de Amberes.



23. ESCOLA DE PINTURA DE FRANCISCO JAVIER MARTÍNEZ SANTISO

N.º DE INVENTARIO 4511

ÉPOCA 1895

HISTORIA DA PEZA

Un dos epicentros da cultura betanceira entre os anos finais do século XIX e as décadas iniciais do XX foi a casa número 59 da rúa Nova, na que residía Francisco Javier Martínez Santiso xunto á súa familia.

Este home, mestre de profesión pero tamén fotógrafo, pintor, bibliotecario e persoa curiosa en xeral, acabou traballando como "intelixente de obras" para o Concello de Betanzos. Mais o que queremos destacar da súa biografía é unha actividade que desempeñou durante dez anos, entre 1893 e 1903, nun dos cuartos da súa vivenda particular.

Alí, Santiso montou unha "academia particular de pintura, dibujo de figura, copia del yeso, paisaje, adorno, colorido y composición con nociones de perspectiva y anatomía artística". Esta aula improvisada, dotada dunha gran fiestra que permitía ver toda a paisaxe do Carregal betanceiro, foi a maneira de achegarlle a arte a homes e mulleres das familias acomodadas da cidade.

Por aí pasaron nomes como Olimpia Tourné, Pilar Touza, Manola e Francisca López Zuloaga, Joaquina García Iribarne, María Lago Pereira, Lola Naveira Beade e tamén varios veciños como José Alguero Penedo, José Paz Vila, Ignacio Núñez Colomer, Juan Navaza Picado, Antonio Núñez Díaz e mesmo José Seijo Rubio, que iniciou a súa carreira artística na casa de Santiso.

Destas aulas conservamos un par de imaxes. Esta é unha das de maior carga simbólica, xa que nela aparece o mestre en plena faena: acompañado de Rosa Pasarín Martínez e María García Ramos, na fila superior; e de Dolores García Ramos, Concha Costas Amenedo, Amparo Álvarez, María Montoto e María Couceiro, sentadas de esquerda a dereita, posando cos materiais desas clases de pintura das que sairían algunhas das mulleres artistas que agora podemos exhibir no Museo das Mariñas.

E é que nos últimos anos multiplicamos exponencialmente o número de mulleres con obras expostas no noso centro, algo pouco habitual nestas institucións. Recuperamos historias de vida de moitas artistas que de xeito afeccionado, como Olimpia Tourné; ou semiprofesional, como Sofía Feliú, Teófila Sasiaín ou Rosina Martínez, filla de Santiso e tamén mestra de pintura en clases particulares, encheron as rúas de Betanzos de arte e cor.



24 . VENDEDOR DE XORNAIS, DE JOSÉ VEIGA ROEL

N.º DE INVENTARIO 4510

ÉPOCA 1970

HISTORIA DA PEZA

Un dos grandes nomes da cultura local sería o de José Veiga Roel (Betanzos, 1894 – 1976). A súa propia evolución artística aparece representada nos fondos do museo, que conteñen tantominiaturas da súa época de calígrafo-micrógrafo como fotografías realizadas durante a década na que potenciou esta vertente na súa traxectoria.

Como membro activo da vida cultural brigantina, Veiga Roel comezou a destacar polas ilustracións e debuxos que elaboraba para publicacións como Rexurdimento, o voceiro das Irmandades da Fala de Betanzos, ou os detalles das miniaturas que creaba para, por exemplo, as medallas de concelleiros que aínda hoxe loce a corporación local.

A súa faceta de miniaturista presidiu boa parte da súa vida artística. Mesmo era capaz, segundo esaxeraba Eduardo Blanco Amor, de escribir todo o Quixote dentro dunha faba. Ata que as limitacións físicas o obrigaron a frear esta traxectoria, polo que tivo que escoller outro campo no que transmitir igualmente a súa arte: o da fotografía.

Roel descubriu tardiamente este tipo de expresión pero pronto logrou, tras unha formación autodidacta, comezar a destacar nos principais salóns fotográficos.

Chegou ao mundo da fotografía cando xa contaba con sesenta anos. Durante unha década, percorreu Betanzos e outras localizacións cargando coa súa cámara e pechándose no salón de revelado que tiña instalado na súa casa da rúa do Castro.

Desde alí enviaba as súas creacións a concursos de todas as latitudes, polas que chegou a obter case douscentos premios e mencións en certames celebrados por todo o mundo. Grazas a isto, José Veiga Roel está considerado como un dos fotógrafos máis importantes da historia da arte galega, malia que só exerceu durante un período moi curto da súa vida.

En Betanzos foi recoñecido como fillo predilecto; demostración da simpatía que a veciñanza sentía por el, ao ser o autor de retratos tan senlleiros como O Xanocas traballando no lúpulo ou o O Juracho vendendo xornais nas rúas de Betanzos.



25 . MUSEO PEDAGÓXICO DAS ESCOLAS DOS GARCÍA NAVEIRA

N.º DE INVENTARIO 1098 a 1134

ÉPOCA Comezos do século XX

HISTORIA DA PEZA

Igual que outras escolas da época, moitas das cales estaban ligadas ao labor filantrópico dos indianos, a dos García Naveira contaba cun importante museo pedagóxico para o deleite do seu alumnado.

Por desgraza, na actualidade só conservamos unha pequena parte da colección que tería esta institución, situada na avenida de Jesús García Naveira, na que os nenos e as nenas poderían contemplar pezas como as que se enumeran a continuación: animais disecados, carapas de tartarugas, ósos de baleas, peles e cornos de todo tipo de animais, corais, coleccións de madeiras e minerais, frechas e arcos indios, unha radiografía de 1920, un versículo do evanxeo traducido a 116 idiomas, moldes anatómicos de diferentes partes do corpo, pezas de madeira para ensamblar e construír, aparatos de agricultura ou química e, sobre todo, cadros de antigos alumnos e alumnas, co seu nome, lugar de orixe, profesión e emprego, como mostra do éxito para quen aproveitase o seu paso polas escolas.

Quen aínda se lembra deles fala dos dous patios como unha extensión das curiosidades do museo pedagóxico. Estas zonas con arboredo e ben pavimentadas contiñan representacións de relevos didácticos como o abecedario, os corpos xeométricos, reloxos coas horas en diferentes cidades do mundo, mapas de montañas e ríos de todo o planeta, exemplos de vulcanismo, capiteis e columnas de varios estilos arquitectónicos, o sistema solar e, igual que no Pasatempo, a representación da Árbore xenealóxica do capital.

Por outra parte, e como replicamos no interior do museo, existían lemas que buscaban remarcar a importancia dunha boa educación, como unha inscrición que lembraba que "la sabiduría es riqueza y la ignorancia pobreza".

Igual que no xardín do Carregal, os García Naveira parecían querer buscar, a través destes motivos de decoración, o despertar da intelixencia, a creatividade e a imaxinación dos centos de nenos e nenas que tiveron a sorte de pasaren polas súas aulas.



26 . PROXECTOR DE LÁMINAS DAS ESCOLAS GARCÍA NAVEIRA

N.º DE INVENTARIO 4495 e 4496

ÉPOCA Mediados do século XIX

HISTORIA DA PEZA

De entre todas as pezas que se conseguiron salvar das antigas escolas García Irmáns e que agora descansan no Museo das Mariñas, as máis interesantes son, sen dúbida, os dous "aparatos mecánicos para la colocación de láminas y mapas".

Alén da súa riqueza artística, entendemos que son obxectos fundamentais para comprendermos o salto cara á modernidade que supuxeron estes centros educativos na cidade, tanto as escolas García Irmáns como as que despois serían as escolas Jesús García Naveira.

Alén da decoración das aulas e das pezas do museo pedagóxico, os preceptos educativos sobre os que os irmáns asentaron a súa oferta educativa son as verdadeiras bases do seu éxito. Con aulas ventiladas, espazosas, xardíns repletos de vexetación e medidas hixiénicas novidosas para as clases do momento, as escolas foron un dos principais fitos culturais da historia contemporánea betanceira.

Neste caso concreto, sabemos que os dous aparellos foron construídos en Burgos a mediados do século XIX. A través dunha manivela lateral poderemos mover un rolo de papel oculto na parte superior, que permite ir variando as escenas de cada presentación.

Conservamos dous rolos con dúas leccións diferentes para seren impartidas ao alumnado: en primeiro lugar, temos o de Historia natural: colección de láminas para la enseñanza intuitiva de las escuelas, datado en 1888 e asinado por A. V. Sánchez; e en segundo lugar, un que leva por título Historia Sagrada: colección de láminas publicadas por la Librería de Educación de D. Manuel Rosado, Esparteros, n.º 11, Madrid, 5ª edición.

Temos que entender que este tipo de recursos pedagóxicos, ademais de supoñeren toda unha innovación na época, serían unha boa forma de espertar a curiosidade dos nenos e nenas e de axudar na súa evolución con propostas atractivas e didácticas.



27. ENTRADA DO PARQUE DO PASATEMPO

N.º DE INVENTARIO 4490

ÉPOCA 1911

HISTORIA DA PEZA

"Sirve para una sola vez", "cuídese que los niños no hagan daño", "no hostigar a los animales", "no entran perros". Esas son as catro advertencias que aparecen na única entrada orixinal que se conserva do Parque do Pasatempo.

Descubrimos, grazas á doazón de Marisa Rivas, que este pase era nominativo. Para poder acceder ao recinto, cada persoa debía dispoñer dunha papeleta cuberta co seu nome; o que racha coa imaxe de parque público que moitas persoas tiñan deste xardín e mesmo coa teoría de que as postais do Pasatempo, as que se vendían na Casa Taquilla, fosen tamén as entradas ao recinto.

Polo tanto, entrar ao Parque do Pasatempo no seu momento de esplendor sería case un privilexio destinado a aquelas persoas que decidisen os propios irmáns Juan e Jesús García Naveira. Non hai que esquecer que a construción do xardín se iniciou en 1893 e que, nesa segunda década do século XX, estarían rematando as obras dun parque que ata a morte do derradeiro dos irmáns, en 1933, viviu os seus anos máis gloriosos.

Tralo pasamento dos benfeitores comezou unha decadencia que lastrou para sempre a existencia dun dos caprichos máis curiosos do mundo. Parque enciclopédico, xardín iniciático, extensión das aulas das escolas García Irmáns ou finca-museo... Son moitas as interpretacións que se fan deste lugar, do que non se conservaba ningunha das entradas que daban acceso ao recinto.

Ata que no 2026 recibimos a doazón deste pequeno fragmento de papel, que nos permite seguir soñando con ampliar os coñecementos que temos sobre unha das xoias patrimoniais de Betanzos. Curiosamente, a única entrada que se conserva estaba destinada a Paco Martínez; é dicir, a Francisco Javier Martínez Santiso, unha das persoas máis interesantes para a cultura local daquela época.



28. MAPAS DO INSTITUTO DE SEGUNDA ENSINANZA

N.º DE INVENTARIO 1280 a 1284

ÉPOCA 1865 – 1898

HISTORIA DA PEZA

Cando alguén entra no Museo das Mariñas, a primeira colección que atopa exposta é a dunha serie de planos, mapas e fotografías aéreas que permiten localizar Betanzos no territorio.

Moitos deles de certa antigüidade e dun valor histórico e artístico incontestable. Mais ao continuar avanzando polo percorrido do museo chegaremos á mostra que recolle, sobre todo, os restos das antigas escolas García Irmáns.

Entre toda esa decoración escolar destacan un conxunto de mapas datados na segunda metade do século XIX, que non pertenceron a estas escolas, senón ao Instituto de Segunda Ensinanza que se estableceu en Betanzos nesa centuria.

Froito desa experiencia educativa conserváronse un conxunto de mapas de diferentes territorios do planeta editados por Esteban Paluzíe e Cantalozella: mapas continentais, mapas das posesións españolas no século XIX por todo o planeta ou mapas de Europa de comezos do século XX. Por causas do azar, estes planos permaneceron enrolados durante varias décadas baixo o tellado do edificio do Concello, de onde foron recuperados para seren expostos no museo da cidade.

Por outra parte, o que si pertenceu ás escolas García Irmáns é un curioso mapa en relevo que representa os accidentes xeográficos da Península Ibérica, fabricado con todo detalle pola empresa madrileña Perlado Páez y Compañía.



29. AS RUÍNAS DE BERLÍN, DE JESÚSNÚÑEZ

N.º DE INVENTARIO 4509

ÉPOCA 1952

HISTORIA DA PEZA

Jesús Núñez Fernández (Betanzos, 1927 – 2023) é un dos artistas máis destacados da historia betanceira. Ligado ao gravado pero tamén á pintura e á escultura, estudou na Escola de Belas Artes de San Fernando e na Escola Nacional de Artes Gráficas de Madrid.

Froito da súa calidade como artista recibiu unha axuda para ampliar os seus estudos en Berlín, cidade á que se trasladou durante os anos 1952 e 1953. Entre as súas primeiras obras están os gravados da serie Ruínas de Berlín, unhas augatintas realizadas na Escola de Belas Artes de Berlín no primeiro ano da súa estancia.

Con estas pezas, que retratan unha cidade arrasada pola guerra, o betanceiro comezou un periplo artístico que o levou a contactar coas vangardas en París, a recibir o gran premio do II Certame Nacional de Artes Plásticas en Madrid e a expoñer obras en mostras artísticas de lugares tan dispares coma Toquio, Venecia ou Punta del Este.

Esta peza, simbólica por ser das primeiras, marca tan só os inicios dunha carreira prolífica. O legado artístico de Jesús Núñez está principalmente ligado ao gravado, mais tamén a outros soportes e técnicas que van desde o deseño téxtil ata a elaboración de xoias ou a creación de esculturas de gran formato, como as que decoran a beira do río Mandeo.

No último cuarto do século XX, impulsou en Betanzos a creación do Centro Internacional da Estampa Contemporánea (CIEC) e o concurso das balconadas, dúas das grandes referencias artísticas da vila brigantina.

Por estes e outros méritos foi nomeado fillo predilecto da cidade.



30. TORQUES DA COLECCIÓN DE RAFAEL SEOANE

N.º DE INVENTARIO 3086

ÉPOCA Séculos IV a I antes da nosa era

HISTORIA DA PEZA

Os torques son colares ríxidos realizados en metal, no caso dos do Museo das Mariñas, en ouro e prata, moi vinculados aos poboadores e poboadoras dos castros na Idade do Ferro.

Eran portados por persoas destacadas da comunidade, primeiramente mulleres e despois tamén homes, como elemento de distinción. Hainos de moitas variedades: abertos, pechados, lisos ou con decoracións. No caso dos que conservamos en Betanzos, o de maior tamaño ten un diámetro interior de 18,6 centímetros, conta cunha parte lisa e os bordos están realzados con arames enrolados con 55 voltas.

Este torques ten un peso de 380,7 gramos e está realizado en ouro. Os remates laterais son dúas escocias desiguais e a forma ovalada da xoia pode vir dada pola súa manipulación, xa que por norma xeral adoitan ser circulares.

Estes torques son as pezas máis destacadas de todas as doadas por Rafael Seoane ao Museo das Mariñas. Este avogado e viaxeiro rexentou un anticuario en Óbidos (Portugal), ata que o 10 de outubro de 2010 decidiu colocar no cemiterio de Bergondo unha placa na que se explicaba que ese era o día de falecemento deste escritor e gran viaxeiro.

Pero a morte era só para a sociedade occidental e para as súas persoas achegadas, pois Rafael marchou para a illa de Kiritimati, no océano Pacífico, e rachou todo tipo de contacto co mundo no que pasara os 56 anos anteriores.

Antes de marchar, doou ao Museo das Mariñas moitas das pezas que acumulaba tanto na súa colección persoal como nos restos dese antigo anticuario. Debido a esta procedencia, descoñecemos o contexto orixinal no que este torques foi atopado. Grazas a un estudo publicado no Anuario Brigantino podemos coñecer exemplos similares de torques coma este que proveñen do norte da provincia de Lugo, cos que garda moitas similitudes formais e compositivas.

